



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no próximo pleno do 29/10/2008:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O luns 15 de setembro saíu publicado no DOG (Diario Oficial de Galiza) o Plan Director de Estradas de Galiza. Actualmente atópase en exposición pública durante 60 días.

Neste Plan a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte non inclúe ningún punto no que faga referencia á transferencia da titularidade da N-554 desde o Estado á Xunta de Galiza.

O paso á ser unha estrada da Xunta de Galiza suporía todo tipo de melloras. Desde as afeccións, as cales se verían reducidas, ata o tipo de estrada, que ao transcurrir na súa totalidade por núcleos de poboación tería un trato máis acorde coas súas características, e por tanto, tamén mellorarían as condicións de seguridade vial.

Por todo isto SOLICITA:

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicita á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte que inclúa no Plan Director de Estradas de Galiza o cambio de titularidade da N-554, para pasar a ser unha estrada da Xunta de Galiza.

Vilaboa, 30 de setembro de 2008.

Ornela Fernández Salgado.

SR. ALCALDE DE VILABOA